

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	As Pontes de García Rodríguez	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurarán neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en As Pontes de García Rodríguez.

O grupo seleccionado de 4º ESO, está composto por 5 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 15 e os 16 anos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conjuntamente as competencias transversais que se requirán.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descripción:

## 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Definición de proxectos	Cada grupo fará a escolha dunha temática e a	30	12	X		

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Definición de proxectos	planificación correspondente.	30	12	X		
2	Execución de proxectos	Cada grupo traballará de modo colaborativo na consecución dun proxecto.	40	13		X	
3	Presentación de proxectos	Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.	30	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Definición de proxectos	12

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización da curtametraxe.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a ejecución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e proponer posibles soluciones a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Execución de proxectos	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Presentación de proxectos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar en tempo e forma o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.	

## 4.1. Concreciones metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo proxectos que contribúan ao benestar da contorna e que poderán referirse a problemáticas de tipo social ou que teñan un enfoque solidario.

As actividades propostas ao longo do curso estarán dirixidas a reforzar os aspectos más transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese polos problemas da nosa sociedade, a empatía, favorecendo así desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e o traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adoptará un rol concreto e asumirá tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN faremos un achegamento a diferentes ONGs, explícarase a finalidade do proxecto: buscar información sobre distintas ONGs (orixe, historia, funcionamento...) e presentalas ao resto da clase. Posibilidade de colaborar con alguna ONG.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levarase a cabo algúun proxecto con diversos materiais. Decidirase con cal das ONGs estudiadas imos colaborar.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, a través de estruturas cooperativas, exporá diante da clase e mediante diferentes soportes, o traballo realizado ao longo do curso. Posibilidade de seguir colaborando con algunha ONG.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación polo centro ou nas redes sociais do centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (xeometría, deseño de figuras, cálculo de superficies...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, historia das ONGs, análise da poboación da comarca).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación dos talleres e participación nos proxectos).
- Música e Danza (colaboración con grupos de música, actuacións diversas, espectáculo no centro...).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Artigos e produtos reutilizables (bolsas, recipientes, botes...).
Pegamentos, colas.
Distintos téxtils, fío de lá, cordas, tesoiras...
Máquina de coser

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comenzarán a redactar as súas propostas.

Ademáis participamos no proxecto de Polos Creativos e moitas das clases as trasladamos á aula de Polos, onde podemos utilizar calquera das máquinas que alí se atopan.

Ás veces iremos tamén á aula de tecnoloxía e usaremos o taladro, por exemplo, ou outras ferramentas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, faráse unha presentación da materia, destacando o aspecto solidario de tódalas accións que imos levar a cabo. Debatiremos sobre os problemas no noso mundo cotián e no mundo en xeral pra ter información sobre os coñecementos do alumnado, fomentando sempre a reflexión, o respeto do outro, a empatía e a solidariedade. Traballaremos diversas competencias clave, entre as que destacan a competencia dixital (buscando información no ordenador e utilizando aplicacións para presentacións), a competencia cidadá, persoal, social e de aprender a aprender (ao través da búsqueda de información e os traballos nos proxectos que imos desenvolver), a competencia emprendedora (mediante a posta en marcha dos proxectos), a competencia en expresións culturais (facilitada polo traballo de investigación que os alumnos han de realizar), a competencia matemática (a través da xestión económica dos materiais que imos elaborar) e a competencia en comunicación lingüística (xa que o alumnado debe traballar sempre o aspecto comunicativo en todas as accións que van realizar). O obxectivo destas primeiras sesións é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Procuraráxese axudar especialmente a aqueles alumnos que presenten algúnsa dificultade no manexo das tecnoloxías ou no traballo manual, fomentando tamén o traballo colaborativo e a axuda entre iguais.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
Táboa de indicadores	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Búsqueda de información, preparación de unha presentación e traballo en grupo. Participación no proxecto elixido para todos.
  - SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Elección razonada dun proxecto. Participación activa no proxecto común.
  - TERCEIRA AVALIACIÓN: Reflexión final. Elaboración en común da presentación dos proxectos do curso. Como instrumentos de avaliación, empregaránse distintas listas de cotejo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaránse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...
- A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non cooperede adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumno/a teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas acividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en proxectos de carácter solidario propostos fóra de noso centro.	Talleres colaborativos coa colaboración de voluntarios externos.	X	X	X
Participación en proxectos de carácter solidario ou de diversa índole organizados na nosa clase.	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X
Participación en proxectos de carácter solidario propostos por outros Departamentos do noso centro.	Talleres colaborativos coa colaboración de compañeiros de outras clases.	X	X	X

### Observación:

Posibilidade de presentación do proxecto no salón de actos para todo o alumnado do centro.  
 Difusión no Instagram do noso centro, sempre coidando o respeto à difusión das imaxes expresado polo noso alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía emplegada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Participación activa de todo o alumnado.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.

### Descripción:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias

no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a consecución e posta en marcha dos proxectos nos que sexamos quen de participar, xa que isto dependerá probablemente de factores non sempre internos, senón externos (participación de persoas e entidades alreas ao centro), debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das actividades se adapte ao calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes se é pertinente, ou al menos, ao trimestre.

## **9. Outros apartados**